

ACTA MESA CONTRATACION

CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DUN VEHÍCULO PALA MIXTA RETROCARGADORA DE NOVA FABRICACIÓN PARA O PARQUE MÓBIL. EXP. REF. 2024-C004-000009. APERTURA OFERTAS

Sendo as 9:00 horas do día 18 de abril de 2024 no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Rolda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Lugo e actuando como vocais:

- don Luis Ramón Vázquez Parga, Interventor do Excmo. Concello de Lugo
- don Manuel Louzao Aldariz, titular de Asesoría Xurídica.
- don Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Excmo. Concello de Lugo

E actuando como Secretario, don Jesus Gandoy Cerceda xefe de sección de Patrimonio do servizo de Contratación.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Secretario da mesa para dar conta aos seus membros da listaxe de licitadores que presentaron oferta de forma telemática a través da plataforma Electrónica LECOL do Concello de Lugo:

- MAQUINARIA PARA EXCAVACIONES DE GALICIA SL (MAEXGAL)
- MILLARES TORRON SL
- TORNEIRO MAQUICORUÑA SA

Que previamente procédese á comprobación da documentación relativa aos arquivos correspondente ao **DEUC** así como á **DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA AO DEUC**, que son correctas polo que a Mesa acorda admitir á dita licitación ás ditas empresas.

De seguido procédese á apertura dos arquivos correspondentes á OFERTA ECONÓMICA, sendo o seu resultado o seguinte:

MAQUINARIA PARA EXCAVACIONES DE GALICIA SL (MAEXGAL) oferta:

máquina marca CASE 580 SV

-Prezo sen IVE: 115.699 euros.

IVE (21%): 24.296,79 euros.

Prezo total IVE incluído 139.395,79 euros (*)

(*) Detéctase erro material calculo do prezo total sendo o correcto 139.995,79 euros

-Ampliación do prazo de garantía de 0 meses a maiores do mínimo de 24 meses esixido no prego técnico.

Contratación e Patrimonio

ATM/cml

Refº: ispac1584560283585515518.doc

Asunto:

-Prazo de entrega de días naturais dende a formalización do contrato.

- Realizar un plan de mantemento conforme o indicado no prego técnico.

MILLARES TORRON SL oferta:

máquina marca JBC modelo 3XC

-Prezo sen IVE: 115.000 euros.

IVE (21%): 24.150 euros.

Prezo total IVE incluído:139.150 euros.

-Ampliación do prazo de garantía de 36 meses a maiores do mínimo de 24 meses esixido no prego técnico.

-Prazo de entrega de 3 días naturais dende a formalización do contrato.

- Realizar un plan de mantemento conforme o indicado no prego técnico.

TORNEIRO MAQUICORUÑA SA oferta:

máquina marca Hidromek modelo HMK 102B serie alpha K4

-Prezo sen IVE: 112.000 euros.

IVE (21%): 23.520 euros.

Prezo total IVE incluído: 135.520 euros.

-Ampliación do prazo de garantía de 12 meses a maiores do mínimo de 24 meses esixido no prego técnico.

-Prazo de entrega de 90 días naturais dende a formalización do contrato.

- Realizar un plan de mantemento conforme o indicado no prego técnico.

Todos eles achegan xunto coa oferta a documentación indicada no prego - que será obxecto de comprobación polo xefe do parque móbil - esto é:

1º.-Memoria descritiva de todas as partes da máquina e equipos auxiliares aos efectos de comprobación do cumprimento das características esixidas no prego técnico.

2º.- Planos, fotografías ou catálogos cos detalles necesarios para a comprobación dos requisitos esixidos.

2º.- Condicións da asistencia postvenda

No prego non se establecen parámetros para apreciar a existencia de baixas temerarias; polo que se procede a continuación á elaboración do cadro de puntuación total, co seguinte resultado:

EMPRESA	OFERTA	% BAIXA	PUNTUACION	MEJORAS	PLAZO ENTREGA	TOTAL
MAEXGAL S.L.	115.69 9,00	0,00	0,07	-	-	0,07
TORNEIRO MAQUICORUÑA S.A.	112.00 0,00	3,20	70,00	7,50	-	77,50
MILLARES TORRON S.L.	115.00 0,00	0,61	13,28	15,00	1 0,00	38,28

Á vista do cal, os membros da mesa de contratación, propoñen como oferta mais vantaxosa a presentada la mercantil **TORNEIRO MAQUICORUÑA S.A con CIF A15.943.863; condicionado ao informe favorable do xefe do parque móbil en relación coa documentación técnica presentada.**

Compróbase se a citada empresa está inscrita no Rexistro Xeral de contratistas da CC.AA de Galicia, polo que pode comprobarse e acreditarse o cumprimento parte dos requisitos esixidos (obxecto social, poder de Representación, certificación de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social así como alta de IAE). Manifesta na declaración do Anexo I que non está exento de pagamento do IAE.

A vista do cal, requíreselle para que, no prazo máximo de **10 días hábiles** desde o envío deste requirimento, presenten no Rexistro Xeral do Concello a través da Sede electrónica: <https://www.lugo.gal/portal/tramites/x100>, ou no Rexistro Electrónico da Administración Xeral do Estado ou de calquera Administración Pública dirixido ao Concello de Lugo (Servizo de Contratación) a seguinte documentación *(véxase a salvidade no caso de garantía definitiva constituída mediante aval ou seguro de caución) e a documentación que a continuación se relaciona:

1.- Constitución da **garantía definitiva por importe 5.600 euros.**

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 108 da LCSP, esto é:

a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na Lei.

Contratación e Patrimonio

ATM/cml

Refº: ispac1584560283585515518.doc

Asunto:

*Para proceder ao pagamento deste importe, realizarase ingreso ou transferencia bancaria nas entidades financieras e contas que a continuación se relacionan, indicando claramente: o concepto (Garantía Definitiva) e o nome do procedemento de contratación e obxecto do contrato.

ABANCA: ES59 2080 0101 563110000947
CAIXABANK: ES08 2100 5850 070200014045
BANCO SABADELL: ES35 0081 2141 660001024611
CAIXA RURAL GALEGA: ES73 3070 0001 256070473522

Un xustificante desta transferencia ou ingreso deberá presentarse xunto co resto da documentación requirida, no seu caso, no Rexistro Municipal do Concello de Lugo (dirixido ás Oficinas Municipais do Servizo de Contratación) antes do remate do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación.

AVISO: No caso de que a garantía definitiva se presente **aval ou seguro de caución**, o orixinal destes documentos **presentarase presencialmente** nas Oficinas Municipais do Servizo de Contratación (Edificio administrativo, Ronda Muralla 197 3º andar) antes do final do prazo concedido na resolución notificada para proceder á entrega da documentación. Ademais, a copia do devandito aval ou seguro deberá remitirse, co resto da documentación requirida, a través da sede electrónica.

Por parte da Tesourería Municipal se indica a necesidade de que os avais e seguros de caución estean asinados de modo manuscrito polas dificultades de custodia dos documentos electrónicos nos que a impresión non ten validez e ante a posibilidade de que o avalado/asegurado inste a cancelación ante a entidade avalista/aseguradora sen coñecemento previo e autorización do Concello.

2.- Acreditación da solvencia económica e técnica segundo establece o prego de condicións (ver cláusula SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONOMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA).

3.- Xustificante de aboamento do IAE de 2023 no epígrafe correspondente.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos aos contratos, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo **certificación da Compañía de Seguros conforme o seguinte modelo:**

A Compañía de Seguros con NIF	
CERTIFICA:	
1.- Que a empresa con NIF ten contratada con esta compañía a póliza de seguro co número con efecto dende o día..... e vencemento e que se atopa ao corrente do seu pagamento.	
2.- Esta póliza de seguro ten as seguintes coberturas e límites/sublímites:	
<table border="1"><tr><td>Responsabilidade civil</td></tr></table>	Responsabilidade civil
Responsabilidade civil	
3º.- Este seguro cubre a responsabilidade civil pola actividade obxecto do contrato consistente en:	

Subministración de vehículos e máquinas

Advírteselle que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose no seu caso a recadar a mesma documentación ó licitador seguinte, polo orden no que teña quedado clasificadas as ofertas, segundo establece o sinalado artigo 151.2 do real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Neste senso lémbbraselle que a autorización concedida por vostede ó órgano de contratación para recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios só se realiza a efectos da comprobación da veracidade das declaracións realizadas polo que deberán presentar en prazo toda a documentación requirida.

Non obstante, non será necesario a presentación da documentación anteriormente relacionada no caso de que xa estivera en poder do Concello nas dependencias do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento por tela presentada en anteriores convocatorias e estar plenamente actualizada (os certificados positivos teñen normalmente unha vixencia de seis meses dende a data de emisión). Neste caso deberán indicar no prazo para atender o requirimento estas circunstancias xunto coa data da súa presentación e expediente de contratación no que se atopan.

O que se lle notifica aos licitadores con indicación de que contra estes acordos da Mesa de Contratación poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

- No obstante o anterior, poderá interpoñer recurso administrativo especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) con sede en Santiago de Compostela no Edificio Administrativo San Caetano no prazo de **QUINCE DÍAS HÁBILES** contados a partir do seguinte ao día da publicación do acto impugnado.

Infórmase que a web deste Tribunal é <https://tacgal.xunta.gal> e o enlace para a presentación do recurso especial por medios electrónicos: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>

A interposición do recurso especial en materia de contratación suxeitarase ó disposto nos artigos 44 e seguintes da LCSP e presentarase nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común ou no Rexistro de Entrada do Concello de Lugo ou no rexistro do órgano de contratación ou do órgano competente para resolver (Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia)

Contratación e Patrimonio

ATM/cml

Refº: ispac1584560283585515518.doc

Asunto:

No caso de presentación en rexistros distintos aos indicados especificamente no artigo 51.3 da LCSP deberá comunicarse inmediateamente e da forma máis rápida posible (no mesmo día da presentación) ao TACGal.

Terase en conta o establecido no Real Decreto 814/2015 de 11 de setembro polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 9:30 horas.

A PRESIDENTA, (sinatura dixital)
Ana Tabarés Martínez

O SECRETARIO, (sinatura dixital)
Jesus Gandoy Cerceda